



## **INSTRUCCIÓN PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA LIBRE (CURSO 2009/2010)**

### **PRAZO DE MATRÍCULA**

do 8 ao 28 de abril de 2010 (ambos incluídos)

### **HORARIO:**

das 9:30 ás 14:00 horas; os xoves tamén de 16:30 a 18:30 horas.

### **PASOS A SEGUIR PARA TODO O ALUMNADO:**

1. Recoller os **IMPRESOS DE MATRÍCULA** na conserxaría.
2. Cubrir e reunir a **DOCUMENTACIÓN** requirida:
  - a. **Impreso de matrícula**, debidamente cuberto
  - b. **Fotocopia do DNI ou pasaporte**
  - c. **Folla de liquidación de prezos públicos \***
  - d. Copia compulsada da **documentación que acredite a 1ª lingua estranxeira cursada no presente curso escolar** (só no caso de menores de 16 anos)
  - e. **Orixinal e copia do título de familia numerosa** (cando proceda)
  - f. **Certificado de exención de taxas** para os funcionarios da Consellaría de Educación expedido pola Xefatura Territorial da que dependan
3. Efectuar **O INGRESO DO IMPORTE DA MATRÍCULA** en calquera das entidades bancarias que figuran ao pé da folla de liquidación. É posible pagar a taxas a través de Internet. Por favor, consulten na folla de instrucións que se achega (*Pagamento das taxas por internet*)
4. Entregar toda a documentación na secretaría para **FORMALIZAR A MATRÍCULA**

### **ALUMNADO QUE SE MATRICULA POR PRIMEIRA VEZ NUNHA EOI:**

*Ademais* de toda a documentación anterior, deberán presentar:

- g. **Sobre de matrícula**, debidamente cuberto
- h. **Carné da EOI**, debidamente cuberto
- i. **Dúas fotos tamaño carné** (unha pegada no carné da EOI e outra e co nome completo na parte posterior).

### **ALUMNADO PROCEDENTE DOUTRAS EOI:**

*Ademais* da documentación anterior, deberán presentar unha **certificación académica** do seu centro de orixe.

**ALUMNADO CON DISCAPACIDADE:** Deberán cubrir o Anexo IX e achegar a documentación acreditativa.

\*Notas: para cubrir a **FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS:**

- Antes de proceder a cubrir os diferentes apartados, consulten a folla de instrucións de taxas (**TAXAS ALUMNOS/AS LIBRES 2010**) que se achega. Se, aínda así, teñen algunha dúbida, deberán aclarala na secretaría da EOI.
- Comproben ben os importes que van ingresar antes de acudir á entidade bancaria, xa que o centro non poderá efectuar ningunha devolución das cantidades incorrectamente ingresadas.

**POLO BEN DE TODOS, É IMPORTANTE ACUDIR CON TODA A DOCUMENTACIÓN COMPLETA E CUBERTA**